

**RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA, DE DATA 19 DE XANEIRO DE 2011 POLO QUE SE INICIA O PROCESO DE SELECCIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) NO CONCELLO DE CULLEREDO.**

De acordo co disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña

**ACORDA**

**PRIMEIRO** - Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para a/as vivenda/s que se relacionan a continuación:

**Concello de CULLEREDO:**

Número de vivendas: 1

Vivenda situada na rúa: AVDA. VILABOA, 133, P-4, 3º B  
Expediente: C87504 Conta: 76  
Superficie: 51,93 m<sup>2</sup>  
Garaxe: Si. Rocho: No.  
Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 37197,98 euros

**SEGUNDO** - Ofertar as citadas vivendas a través da páxina web do IGVS as persoas interesadas na súa adquisición, que estean inscritas no Rexistro Único de Demandantes á data desta resolución ( 19 de xaneiro de 2011).

As persoas interesadas deberán manifestar o seu interese na adquisición da/s vivenda/s citadas no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web, mediante escrito dirixido á Área Provincial do IGVS na Coruña, segundo o modelo anexo a esta resolución, a seguinte dirección:

Praza Luis Seoane, s/n - 15008 A Coruña

**TERCEIRO** - Requisitos dos adquirentes:

Poderán acceder a esta VPP as persoas, nacionais ou estranjeiras, maiores de idade ou menores emancipados que reúnan os requisitos do apartado d) do artigo 3 do

Decreto 253/2007, e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello no que se sitúan a vivenda á data desta resolución de inicio.
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar maiores o iguais a 0,7 veces o IPREM e menores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.
3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
  - a) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados no artigo 47 da Lei 18/2008. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda a efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007.
  - b) Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafiuamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacións de emergencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda ou se atopen en calquera das situacións excepcionais previstas no artigo 48 da Lei 18/2008.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgúnha destas circunstancias:

- a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.
- b) Que sexan titulares de bens inmóbiles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmóbiles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

#### **CUARTO - Réxime de adquisición das vivendas:**

As vivendas adquiriranse en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior propietario.

O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e unha vez asinado deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

#### **QUINTO - Procedemento de selección:**

De acordo co disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, no artigo 8 do Decreto 253/2007 e no artigo 31 do Decreto 1/2010 o proceso de selección de adquirentes será o de sorteo entre as persoas que reúnan os requisitos sinalados no apartado terceiro e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da/s vivenda/s.

O dito sorteo celebrarase ante notario. O resultado do sorteo notificarase aos interesados (primeiro adquirente da lista e vendedor). Na notificación faranse constar os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e anexos.

No caso de que se presente unha soa solicitude de adquisición no prazo indicado, será designado directamente como adquirente o demandante que tivese presentado dita solicitude, previa comprobación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado terceiro.

No suposto de que non se tivese presentado ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, continuarase coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor de interesado que figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública cumpra os requisitos especificados no apartado terceiro.

Ao designado como adquirente no sorteo concederáselle un prazo de **10 días** para comunicar a súa aceptación. De non aceptar ou de non presentar a dita comunicación en prazo entenderase que non está interesado na adquisición e procederase a designar como adquirente ao seguinte da lista de espera que de se-lo caso se tivese confeccionado.

Contra dita resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1192, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 19 de xaneiro de 2011

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal

## ANEXO

D./Dna. \_\_\_\_\_ con D.N.I. \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia \_\_\_\_\_, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións, de data de resolución de inicio do 19-01-2011, publicada no portal de internet do IGVS.

### SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

- C87504:76 (AVDA. VILABOA, 133, P-4, 3º B) - CULLEREDO

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_

Sinatura

Área Provincial do IGVS na provincia de A Coruña